

Xoves, 8 de xuño de 2017

Núm.

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****POIO****Bolsas de emprego***CONVOCATORIA: BASES ESPECÍFICAS PARA A CREACIÓN DE BOLSAS DE TRABALLO NOS POSTOS DE PEÓN DE SERVIZOS E LIMPEZA***A N U N C I O***SUMARIO: BASES ESPECÍFICAS PARA A CREACIÓN DE BOLSAS DE TRABALLO NO CONCELLO DE POIO*

Por medio do presente procédese a publicación da convocatoria para a elaboración de bolsas dos postos que se detallan segundo as bases específicas aprobadas por acordo número 15089 adoptado pola Xunta de Goberno Local:

**Primeira. Obxecto da convocatoria**

Ten por obxecto a presente convocatoria a elaboración das seguintes bolsas de contratación :

<b>Categoría</b>	Peón de Servizos Varios
<b>Grupo Profesional</b>	5
<b>Área</b>	Servizo de vías e obras

<b>Categoría</b>	Limpeza
<b>Grupo Profesional</b>	5
<b>Área</b>	Servizo Xerais

**Segunda. Requisitos**

Ademais dos requisitos xerais sinalados nas bases xerais denominadas “Bases de Selección de Persoal que integrarán as bolsas de emprego do Concello de Poio nos diversos postos” as persoas aspirantes a estes postos deberán posuír os seguintes requisitos específicos:



Xoves, 8 de xuño de 2017

Núm.

<b>Categoría</b>	Peón de Servizos Varios
<b>Titulación</b>	Non se require (Disposición Adicional Sexta RD 5/2015, de 30 de outubro)

<b>Categoría</b>	Limpeza
<b>Titulación</b>	Non se require (Disposición Adicional Sexta RD 5/2015, de 30 de outubro)

### Terceiro. Sistema de Selección

O sistema de selección a utilizar é o de concurso- oposición, de conformidade co apartado na SISTEMA DE SELECCIÓN das bases xerais que rexen a convocatoria.

### Cuarto. Documentación a presentar

Na forma establecida nas bases xerais xunto coa documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos específicos establecidos nestas bases específicas.

### Quinto. Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

### Sexto. Programa da Convocatoria

Para a fase oposición de cada categoría establécese o seguinte programa:

<b>Categoría</b>	<b>Peón de Servizos Varios</b>
<b>Programa</b>	Tema 1. O persoal ao servizo do Concello. Dereitos e deberes dos traballadores. Tema 2. A prevención de riscos laborais no posto de traballo. Normas xerais. Tema 3.- Limpeza de praias e outros espazos de ocio e lecer. Tipos de residuos. Forma de recollida e/ou limpeza. Tipos de ferramentas e a súa utilización. Tema 4.- Limpeza e desbroce de cunetas e veirales. Tipos de residuos. Forma de recollida e/ou limpeza. Coñecemento dos tipos de ferramenta e a súa utilización. Tema 6.- Clases de morteiro que se utiliza na construción: azulexado, solerí, enfoscado, crecido de muros, enlucido, tellas, soleiras cubertas. Tema 7.- Construción de muros e tabiques. Elementos necesarios e método de realización. Tema 8.- Tipos de sinais aplicables a sinalización de vía pública.



Xoves, 8 de xuño de 2017

Núm.

<b>Categoría</b>	<b>Limpeza</b>
<b>Programa</b>	Tema 1. O persoal ao servizo do Concello. Dereitos e deberes dos traballadores. Tema 2. A prevención de riscos laborais no posto de traballo. Normas xerais. Tema 3. Conceptos xerais de limpeza. Tema 4. Limpeza de centros públicos: A Limpeza de áreas administrativas. Introducción. Limpeza de mobiliario en xeral. Limpeza de equipos informáticos Tema 5. Limpeza do cuarto de baño: Limpeza de aseos públicos. Tema 6. Ferramentas e útiles básicos de limpeza. 1. Introducción. Útiles manuais de limpeza. Tema 7. Produtos químicos na limpeza. Propiedades dos distintos produtos. Normas xerais sobre produtos. A desinfección pola limpeza Identificación dos perigos no uso de produtos. Etiquetado dos produtos

Poio, 29 de maio de 2017.

O Alcalde

Luciano Sobral Fernández

